

## CONVOCATORIA PROBAS CELGA E CURSOS PREPARATORIOS

Santiago de Compostela 18/03/2022

Hoxe publícase en DOG a [Resolución da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2022](#) (código de procedemento PL500C).

### Persoas destinatarias.

As persoas maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.

### Datas de realización das probas.

As probas dos distintos niveis Celga **terán lugar:**

- Nos **meses de maio e xuño de 2022**, sempre que ningunha circunstancia excepcional o impida.

As **datas concretas** serán debidamente **publicadas:**

- En DOG
- Na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>)

### Localidades onde se van realizar as probas e niveis.

As probas realizaranse en **Santiago de Compostela e en Ponferrada.**

Localidade	Nivel			
Santiago de Compostela	Celga 1	Celga 2	Celga 3	Celga 4
Ponferrada	-	Celga 2	Celga 3	Celga 4

As sedes e horarios para a realización das probas e listaxes definitivas das persoas admitidas publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

<http://www.lingua.gal>

### Presentación de solicitudes e prazo.

- Si queres inscribirte nas probas Celga **deberás:**
  - **Cubrir o formulario de solicitude**, segundo o modelo **PL500C**, que se publica como anexo I
  - **Aboar a taxa** correspondente.
  - No formulario de solicitude **deberás indicar a proba ou as probas ás cales solicitas presentarse**, así como a **localidade**, e dirixilo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- **As solicitudes presentaranse:**
  - **Preferiblemente** por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>
  - **Opcionalmente**, poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
  - Para a presentación electrónica poderá empregarse **calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos** pola **sede electrónica da Xunta de Galicia**, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).
- **Prazo de presentación das solicitudes, así como o de pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame:**
  - **15 días hábiles**, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte

## CURSOS PREPARATORIOS:

A Secretaría Xeral Política Lingüística puxo en marcha dous novos cursos de autoaprendizaxe en liña para preparar o Celga 2 e o Celga 4

Desde hai un ano, ofrécese un curso de autoaprendizaxe en liña do Celga 1, no que ata o de agora se inscribiron máis de 3.000 persoas. Agora a Xunta presenta neste mesmo formato novos cursos de Celga 2 e Celga 4 nos que estivo a traballar, en colaboración cun equipo de especialistas en formación e ensino da lingua galega e mais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Para inscribirse nestes cursos, que **estarán dispoñibles a partir do día 21 deste mes de marzo**, si estás interesado/a debes acceder á Plataforma de teleformación da Secretaría Xeral de Política Lingüística a través do Portal da Lingua Galega. O número de prazas é ilimitado.

<https://formacion-lingua.xunta.gal/>